

ACTIVIDADES NO DOMICILIO

PERÍODO: 25 ao 31 de Maio

MATERIA: Bioloxía-Xeoloxía

CURSO: 4º ESO

PROFESOR/A: Natalia López

CONTACTO: natalialopezrodriguez@edu.xunta.es

MÉTODO DE CORRECCIÓN: inmediato ao rematar o cuestionario

ACTIVIDADES

Continuamos repasando cousas básicas de Xeoloxía.

Nesta ocasión ides facer un cuestionario relativo a Tectónica de placas (Temas 7 e 8).

Se trata dun formulario en rede, para o que tedes que pinchar neste enlace que vos levará ao cuestionario, cubrilo e eu recibiréis as vosas respostas!!

https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSd6AYbdXqHnLQWC_5StA8d3PIDCzLfgxpgoilRdIwvoORnl3A/viewform?usp=sf_link

PARA O ALUMNADO CON A 1ª AVALIACIÓN SUSPENSA IMPRESCINDIBLE ENTREGAR ESTAS TAREFAS, EN TEMPO E FORMA, PORQUE SERVIRÁN DE RECUPERACIÓN!!!

Moito ánimo que xa queda pouco!!!

Cuestionario Tema 6: Coñecer a Terra e decubrir o seu pasado

1. Observa estes fósiles. Orixináronse na mesma época ou en épocas distintas? Indica que principio fundamental da xeoloxía empregaches para pescudalo.



2. Unha montaña de 600 m de altitude estarase erosionando a razón de 1 mm ao ano.

a) Que altura perdería en 6000 anos? Canto tempo ten que transcorrer para que sexa completamente erosionada?

b) Onde irían parar os materiais que compoñían a montaña? Como se dispoñerán?

3. O Himalaia sofre unha erosión que lle fai perder 5 cm de altura ao ano. Con todo, non diminúe a súa altitude. A que cres que se debe este feito? Por que?

4. Resume os argumentos nos que se apoiou Alfred Wegener para desenvolver a súa teoría da deriva continental.

5. Realiza un esquema no que se aprecien as capas terrestres desde o punto de vista da súa composición e desde o punto de vista do seu comportamento dinámico.

Afondamento Tema 6: Coñecer a Terra e decubrir o seu pasado

Afondamento

Cando se produce un terremoto, as **ondas sísmicas** viaxan en todas as direccións. A velocidade destas ondas depende das características dos materiais polos que pasan. Por esta razón, un cambio brusco na súa velocidade significará que variou a natureza deses materiais ou o seu estado físico.

Hai dous tipos de ondas sísmicas: as ondas internas e as ondas superficiais.

As **ondas internas**, como o seu propio nome indica, viaxan a través do interior da Terra. Transmiten os tremores preliminares dun terremoto, pero posúen pouco poder destrutivo. Divídense en dous grupos: ondas primarias (P) e secundarias (S).

As **ondas P** (primarias) son ondas lonxitudinais ou de compresión, o cal significa que o solo é comprimido e dilatado alternadamente na dirección da súa propagación. Estas ondas xeralmente viaxan a maior velocidade que as ondas S e difúndense a través de calquera tipo de material líquido ou sólido.

As **ondas S** (secundarias) son ondas nas que o desprazamento é transversal á dirección de propagación. A súa velocidade é menor ca a das ondas primarias. Debido a iso, estas aparecen no terreo algo máis tarde ca as primeiras. Estas ondas son as que xeran as oscilacións durante o movemento sísmico e as que producen a maior parte dos danos. Só se difunden a través dos sólidos.


Cando as ondas internas chegan á superficie, xéranse as **ondas superficiais**, que son as causantes dos danos dos terremotos nas construcións. Estas ondas son as que posúen menor velocidade de propagación en comparación cos outros dous tipos.

ACTIVIDADES

1. Observa a seguinte gráfica na que se mostra a variación da velocidade de propagación das ondas sísmicas no interior da Terra e contesta as preguntas.

a) Que liña representa as ondas P e cal as S? Razona a resposta.

b) Cantas discontinuidades podes observar? Que capas separan e cales son as profundidades desas capas?



2. Esta gráfica representa a velocidade de propagación das ondas sísmicas nun planeta imaxinario.

- a) Cantas capas ten este planeta?
- b) E cantas discontinuidades?
- c) Cal é o diámetro do planeta?
- d) Por que se deteñen as ondas S aos 6000 km?

